

ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DUN VIDEO PROMOCIONAL DO CAMIÑO DO MAR

Obxecto do contrato:

O GALP A Mariña-Ortegal no seu afán de difundir e fomentar a implementación da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no territorio, así como de poñer en valor os recursos naturais, culturais, patrimoniais e turísticos, tal e como se recolle en varios dos obxectivos estratéxicos da súa EDLP, ten previsto levar a cabo unha actividade de animación no territorio GALP A Mariña-Ortegal, promocionando o Camiño do Mar que transcorre por todos os concellos do noso territorio, atendendo aos seguintes obxectivos:

- Realización dun audiovisual cunha duración de 10 a 20 minutos percorrendo todos os concellos que forman parte do territorio do Galp A Mariña Ortegal (dende Ribadeo a Valdoviño) promocionando, non exclusivamente o trazado físico do Camiño do Mar, senón do seu patrimonio, cultura, natureza e gastronomía. O video deberá potenciar parte dos activos turísticos mais importantes deste territorio: Portos, Faros, Praias, Rias, Cantís, Fervenzas, Pontes, Castros,... con especial atención aos elementos característicos que o converten nunha variante dun Camiño de Santiago: Mosteiros, Conventos, antigos Hospitais, Igrexas, Capelas, Cruceiros, Pazos ... e como non, o Camiño, como símbolo de unión entre todos os concellos da Mariña-Ortegal.
- O video deberá deixar constancia, ben a través da linguaxe ou texto sobrescrito do valor e importancia do seu contido no que se promoverá e dinamización turística do Camiño do Mar, unha variante do Camiño Norte, que dende Ribadeo chega a Ferrol para enlazar co Camiño Inglés no seu percorrido a Santiago de Compostela
- A actividade deberá incluír a montaxe dun spot de entre 1-2 minutos de duración para a súa promoción en redes sociais.
- Completarase o proxecto coa estrea da obra, incluíndo a convocatoria de medios e prensa, coa asistencia aberta a todo o público en xeral. Si debido ás condicións actuais da pandemia, non fose posible levar a cabo a presentación pública presencial, programaríase unha estrea virtual no canal de youtube do GALP.

Contido das propostas:

Deberase presentar unha proposta técnica suficientemente detallada co cronograma previsto, tendo en conta que a actividade se vai levar a cabo durante o ano 2021.

Deberase presentar unha oferta económica suficientemente detallada e co IVE desglosado.

Requisitos:

A Asistencia Técnica deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditará a súa capacidade para contratar cumprimentando o Anexo III que acompaña o anuncio.
- Coordinación da programación baixo a supervisión do equipo técnico do GALP.
- Dispoñer dos **medios materiais necesarios** para realizar as seguintes accións requeridas:
 - Imaxes características e distintivas de cada un dos concellos do GALP A Mariña-Ortegal
 - Imaxes específicas do trazado histórico do camiño
 - Imaxes de bens patrimoniais e culturais relacionados co camiño
 - Imaxes de natureza exclusiva do territorio
 - Imaxes de gastronomía típica da zona
 - Imaxe area do territorio
 - Realización de montaxe e postproducción dixital
 - Documentación bibliográfica sobre o camiño do mar.
 - Voz en off e música
 - Creación de imaxe corporativa do vídeo
- Deberá entregarse o vídeo en formato dixital en usb xunto con 200 copias en usb
- Convocatoria a prensa e realización de acto de presentación do vídeo.
- Elaboración dun informe final de execución e resultados, no que se detalle polo miúdo cada unha das actividades, seguindo as indicacións establecidas polo equipo técnico do GALP.

Prazo de execución:

O prazo de execución rematará o día 20 de decembro de 2021, data na que deberán estar as actividades rematadas e o informe final de execución e resultados entregado na oficina do GALP A Mariña-Ortegal.

Prezo:

O orzamento máximo de licitación é de 11.700,00 € (IVE excluído), non aceptándose ningunha proposta por enriba deste importe.

Prazo e forma de presentación:

O prazo de presentación rematará en 10 días hábiles a partir do día seguinte da publicación destas especificacións técnicas (23 de febreiro de 2021)

Os documentos deberán vir coa firma dixital e poderanse presentar por correo electrónico no seguinte enderezo: galp.mar.marinaortegal@xunta.gal, senón será necesario presentar os documentos orixinais no seguinte enderezo:

GALP A Mariña-Ortegal
Rúa Misericordia, 35 Baixo
27850 Viveiro (Lugo)

Valoración das ofertas:

O obxecto do contrato adjudicarase á oferta mais vantaxosa economicamente.

En Viveiro, a 09 de febreiro de 2021

Asdo.: D. Javier Martínez Otero
Presidente do GALP A Mariña-Ortegal